



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL E DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET), A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA, A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS BETANZOS” E A FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA (ITG) PARA O DESEÑO DA INFRAESTRUTURA VERDE DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 217, do 14 de novembro de 2016, en relación co establecido no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, D. Enrique Sáez Ponte, Presidente da Fundación Juana de Vega, segundo nomeamento efectuado pola Xunta de Padroado o trece de xuño de 2003, debidamente inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con data 1 de xullo do mesmo ano. Actúa en nome e representación desta fundación, que está clasificada como de Beneficencia Particular docente por Real orde do “Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes”, de data 30 de xuño de 1925, inscrita no Rexistro de Fundacións de interese galego da Xunta de Galicia, co nº 58, con CIF G-15050602.

Doutra parte, D. Jose Antonio Santiso Miramontes, titular da alcaldía do Concello de Abegondo, na súa



condición de Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas Betanzos”, entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, con CIF G-70180807, en virtude do previsto nos seus estatutos e de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e polo Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións.

E doutra, D. Carlos Calvo Orosa, Director Xeral da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), con CIF G-15305923 debidamente inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia co Nº 1991/6, en virtude do previsto nos seus estatutos e de conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego. Actúa en nome e representación desta fundación, nomeado polo Padroado a proposta do Consello Directivo, como órgano de goberno unipersoal e máximo responsable funcional por delegación do dito Consello, de conformidade co poder de representación suficiente ante o Notario de A Coruña, D. Jacobo-Esteban Pérez Rama, nº de protocolo 53 de data 16/01/2015.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

O 14 de novembro de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Esta nova dimensión organizativa reflíctese no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, que no seu artigo 3 regula a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Tal e coma establece o artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia



nos termos sinalados na Constitución española.

SEGUNDO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural exerce, entre outras funcións: O fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos; A divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos senlleiros da xea da Comunidade Autónoma galega; A promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen; A conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

Pola súa banda, a través do Instituto de Estudos do Territorio, organismo creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, exerce, entre outras funcións: A realización de investigacións metodolóxicas, bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo de alcanzar a xestión dinámica das súas paisaxes; A realización de análise e diagnósticos e a formulación de propostas e alternativas para a ordenación e xestión do territorio desde unha perspectiva global de fronte ao desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial de Galicia; O impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados; Así como a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.

TERCEIRO

A paisaxe é obxecto dunha crecente atención social nas sociedades avanzadas nas que Galicia se vai integrando. En consonancia con esta realidade, a Fundación Juana de Vega realiza desde hai algúns anos, directamente ou en colaboración con outras entidades, diversas actividades neste eido.

A importancia das actividades de formación e investigación relacionadas coa paisaxe, recomendaron que a Fundación agrupase a súa acción específica con obxecto de potenciar e mellorar a súa eficacia.



Para elo, creouse a Escola Galega da Paisaxe, un órgano interno da Fundación, dotado dun marco estable e formal, con orzamento e medios propios, que lle permiten acadar os seus obxectivos.

A Escola Galega da Paisaxe, constitúese polo tanto como un órgano da Fundación Juana de Vega, que carece de personalidade xurídica propia ao estar integrada na Fundación, encargada da organización, desenvolvemento e xestión das actividades relacionadas coa paisaxe.

A Escola Galega da Paisaxe ten por obxecto promover o estudo, a investigación, a formación, a difusión e o intercambio de coñecemento, e a sensibilización e concienciación da sociedade en materia da paisaxe e en temas con ela relacionados. Na procura dos seus obxectivos, a Escola fomentará a colaboración coas administracións públicas, as universidades, os centros de ensino, as empresas, os medios de comunicación, os colectivos profesionais e a sociedade en xeral.

A Escola Galega da Paisaxe, poderá realizar, entre outras, as seguintes actividades

- Organizar cursos, congresos, conferencias, seminarios, xornadas, coloquios, foros de debate, etc, sobre diversos temas relacionados coa paisaxe. Especificamente, a Escola Galega da Paisaxe asumirá todas as actividades que na actualidade desenvolve a Fundación neste ámbito, entre elas, o Máster de Arquitectura da Paisaxe, creado no ano 2006 a través dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de A Coruña.
- Organizar exposicións, editar libros, catálogos ou calquera outro tipo de publicación divulgativa.
- Outorgar premios de investigación ou que teñan por obxecto destacar e poñer en valor actuacións na paisaxe realizadas en Galicia, nos que se valorará especialmente o seu favorable impacto social.
- Asesorar, orientar ou facer suxestións a institucións públicas ou privadas, na planificación, xestión e conservación da paisaxe.

A Escola Galega da Paisaxe conta cun Comité de expertos formado por un mínimo de 7 membros e un máximo de 15, que son nomeados por un período de cinco anos. Isto fai que grazas a este convenio pódase contar cos expertos e especialistas en materia de paisaxe. Entre estes expertos atópase Luís Andrés Orive, Director do Centro de Estudios Ambientales de Vitoria-Gasteiz e impulsor da infraestrutura verde de Vitoria-Gasteiz; unha experiencia pioneira en España no deseño e xestión deste tipo de espazos, que se iniciou hai máis de 30 anos co Anillo Verde de Vitoria. A Escola Galega da



Paisaxe conta tamén cun Grupo de Investigación formado por expertos en Arquitectura da Paisaxe e Paisaxismo, entre os que destacan:

- Isabel Aguirre de Urcola, Arquitecta e Paisaxista, Directora da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega, Coordinadora do Máster de Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega e Directora do Grupo de Investigación
- Pedro Calaza Martínez, Doutor Enxeñeiro Agrónomo, Profesor do Máster de Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega
- Cristina García Fontán Doutora Arquitecta, Profesora da Escola Técnica Superior de Arquitectura e do Máster de Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega
- Mercedes Máquez, Arquitecta e Máster en Paisaxismo, profesora do Máster de Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega
- Carmela Moral Enxeñeira Agrónoma e Máster en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega
- Nuria Freire González, Arquitecta, Máster en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega
- Camilo Blanco Pampín, Arquitecto, Máster en Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega

A Escola Galega da Paisaxe poderá contar coa colaboración doutros técnicos cos coñecementos necesarios para completar o equipo técnico.

O deseño dunha infraestrutura verde urbana debe ter en conta aspectos como o deseño urbano, os espazos verdes, a planificación territorial, os corredores ecolóxicos, a paisaxe, etc. Todas estas cuestións son abordadas pola disciplina da arquitectura da paisaxe.

A Escola Galega da Paisaxe ten desempeñado un papel fundamental no desenvolvemento da arquitectura da paisaxe en Galicia a través da posta en marcha da primeira titulación universitaria oficial sobre esta disciplina - o Máster Universitario Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega - e outras actividades como premios, xornadas ou publicacións. Esta experiencia, unida á localización da sede da Escola Galega da Paisaxe dentro da área metropolitana da Coruña – obxecto de estudo neste convenio – e aos traballos previos da Escola neste ámbito territorial, outorgan a esta entidade unhas capacidades e posibilidades idóneas para realizar o obxecto do presente convenio.

CUARTO

A Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” constitúese no mes de xullo do ano 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos



coma privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación. O ámbito territorial da asociación abarca 17 concellos: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Curtis, Culleredo, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado. A Asociación Mariñas-Betanzos está declarada de Utilidade Pública, segundo a Orde do 8 de febreiro de 2017 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A estratexia de desenvolvemento concibida pola Asociación ten como obxectivo final a valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partir da valorización do patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social, e dende o ano 2013 é a entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

O Estado Español creou a Rede de Reservas de Biosfera Españolas (RRBE) no ano 1992, coa integración dunha decena de Reservas, pero non é ata 1995 cando se elaborou unha estratexia global de funcionamento e desenvolvemento sostible das Reservas de Biosfera.

Co paso do tempo, o concepto de Reserva de Biosfera demostrou o seu valor máis alá da súa condición de área protexida e, como tal, estase a converter nunha ferramenta que sen abandonar os seus obxectivos de conservación, é aproveitada por científicos, planificadores e responsables de fórmulas políticas para xerar unha variedade de coñecemento, investigacións científicas e experiencias que vinculen a conservación da humanidade e a gobernanza do territorio.

Polo tanto, a atención céntrase en desenvolver e aplicar modelos para a sostibilidade mundial, nacional e local, e para que as Reservas da Biosfera sirvan de lugares de aprendizaxe onde os decisores políticos, as comunidades científicas e de investigación, os profesionais da xestión e os colectivos implicados traballen en conxunto para converter os principios globais de desenvolvemento sostible en prácticas locais apropiadas.

A Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” abrangue un total de 116.724 ha (113.969,7 ha terrestres e 2.754,6 ha mariñas), que representa o 14,33% da superficie da provincia da Coruña, repartidas en 17 concellos. A superficie da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” abarca gran parte dos concellos da área metropolitana da Coruña e ten entre os seus



obxectivos mellorar a conservación ambiental e a loita fronte ao cambio climático, así como a información e sensibilización sobre os recursos naturais desta área xeográfica, obxectivos que coinciden coa finalidade da infraestrutura verde. Por estes motivos, para o deseño da infraestrutura verde da área metropolitana da Coruña, resulta fundamental contar coa participación do órgano xestor do principal espazo recoñecido polas súas funcións ambientais dentro do ámbito territorial de estudo.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos, aglutina a todas aquelas entidades que teñan interese en participar e colaborar no desenvolvemento sostible das comarcas da Coruña e Betanzos. Estas entidades agrúpanse en mesas sectoriais segundo o ámbito no que realicen a súa actividade principal: Administracións locais e sector público; Sector institucional; Sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira; Asociacións de mulleres; Asociacións culturais, deportivas, recreativas, de veciños, ANPAS; Asociacións e colectivos medioambientais e mozos; Sector do turismo e hostalería; Asociación de empresariado multisectorial, asociación profesionais e artesanía; Colectivos de acción social, discapacidade e ONGD's; Pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral. Este partenariado local e a integración multisectorial axuda a crear unha cooperación e interconexión entre os diversos axentes existentes no territorio.

Dentro dos órganos colexiados que forman parte do Órgano de Xestión da Reserva de Biosfera, intégrase o Comité Científico como órgano consultivo que ten entre os seus obxectivos identificar e formular propostas, así como prover de información e análise, para validar a toma de decisións baseadas no coñecemento científico, en canto á xestión da Reserva de Biosfera e sobre o grao de cumprimento dos seus obxectivos. Os membros do Comité Científico agrúpanse en 3 grandes áreas (Conservación, Desenvolvemento Sostible e Apoio Loxístico), e entre os 17 integrantes actuais atópanse especialistas de diversas temáticas, como biodiversidade, calidade ambiental, xeografía humana, economía aplicada, socioloxía, responsabilidade social, auga, divulgación ambiental, agronomía, paisaxismo ou historia, entre outras.

A integración da participación da poboación local na toma de decisións e o coñecemento detallado do estado dos espazos naturais do territorio resulta indispensable para o deseño e implantación dunha infraestrutura verde da Área Metropolitana da Coruña. A Asociación de Desenvolvemento Rural conta



con experiencia no deseño e elaboración de estratexias coma a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo Leader 2014-2020 do GDR 23 Mariñas-Betanzos, ou a Candidatura da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ou o Plan de Xestión da Reserva de Biosfera (2013-2017), con importantes procesos participativos na súa elaboración.

QUINTO

O ITG foi constituído en febreiro do ano 1991 como fundación sen ánimo de lucro polos Colexios Oficiais de Arquitectos; Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos e Enxeñeiros Industriais de Galicia, e declarada de interese galego pola Xunta de Galicia en Orde do 18 de xuño de 1991.

Ademais dos tres membros fundadores, forman parte do Padroado da Fundación o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste de España, o Colexio Oficial de Enxeñeiros Navais e Oceánicos de Galicia, o Colexio de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia, os Vicerreitorados de Investigación das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, e a Xunta de Galicia.

É o único Centro Tecnolóxico Nacional da provincia de a Coruña (recoñecemento que outorga oficialmente o o Estado a través do Ministerio de Economía Industria e Competitividade, Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación), o ITG destaca na realización de actividades de investigación, así como a colaboración coas administracións públicas en materia tecnolóxica, o desenvolvemento da tecnoloxía, a divulgación dos avances tecnolóxicos, así como a prestación de servizos á administración pública en todo o referente ao estudo, investigación ou aplicación da tecnoloxía e a súa regulación, colaborando na transferencia de resultados de investigación entre organismos públicos e privados.

O Instituto Tecnolóxico de Galicia é o depositario e único propietario do uso e desenvolvemento en España do certificado de sustentabilidade BREEAM®, o método de avaliación e certificación da sustentabilidade líder no mundo e tecnicamente máis avanzado. Privado e voluntario, atesoura 541.000 certificados en 77 países desde a súa creación en 1991, e fixa e desenvolve os criterios obxectivos de medición e avaliación da sustentabilidade máis avanzados, tanto de edificacións, como de actuacións de planeamento urbano e infraestruturas. Saliéntase pois, que BREEAM conta con esquemas específicos para avaliar a sostibilidade de desenvolvementos urbanos, a través de BREEAM urbanismo, así como para a avaliación da sostibilidade de infraestruturas (BREEAM infraestruturas). O



ITG está por tanto dotado dunha visión única e de conxunto da sustentabilidade dende as infraestruturas que vertebran un territorio, pasando polo deseño dunha trama urbana sustentable e chegando ata o nivel de edificación sustentable.

Por outra banda, o ITG é a entidade encargada de desenvolver dende hai máis de quince anos a Base Datos Oficial de Construción de Galicia, na que se determina a estandarización da descrición técnica das partidas de obra de Civil, de Edificación e de actuacións Agroforestais. É de destacar a efectos deste convenio o modulo de urbanización , así como partidas específicas de tratamento da paisaxe, produtos sostibles, e eficiencia enerxética entre outras.

O ITG tamén ten elaborado un amplo traballo no ámbito da sustentabilidade urbana en Galicia, e exemplo disto son os estudos sobre Análise de normativa e boas prácticas no Planeamento Urbanístico e a Metodoloxía de Deseño Urbano Sostible para a Xunta de Galicia ou a elaboración do Plan Director de Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade para o Concello de Santiago de Compostela, un instrumento facilitador do desenvolvemento institucional e socio-económico da cidade de Santiago de Compostela para impulsar e evolucionar o modelo de cidade cara a un espazo urbano intelixente, eficiente e sustentable co obxectivo último de incrementar a calidade de vida do cidadán. Cómpre tamén destacar que o ITG foi o encargado de desenvolver o Observatorio da Biomasa de Galicia para a Consellería de Economía e Industria dentro da Estratexia de Impulso da Biomasa da Xunta de Galicia co obxectivo de aliñar o emprego de recursos naturais autóctonos dunha forma sustentable coa xeración dun polo de coñecemento e emprego o redor da biomasa.

No marco da súa actividade investigadora, o Centro ten impulsado numerosas iniciativas de I+D+i, e participado en numerosos proxectos e consorcios nacionais e internacionais de I+D+i nas áreas da eficiencia enerxética e a sustentabilidade do territorio. Dende esta perspectiva, ven desenvolvendo e validando dende o ano 2006 metodoloxías e solucións tecnolóxicas para una xestión máis eficaz da integración da planificación territorial e a xestión eficiente da auga potable e o saneamento. A través destas solucións avaliáronse impactos do cambio climático ou de novas solucións urbanas sobre as infraestruturas existentes ou sobre a propia dispoñibilidade do recurso natural (auga). Finalmente atesoura unha prolongada pericia no eido do transporte e mobilidade.

A Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) ten sede na Coruña e, como temos exposto, unha ampla experiencia nos ámbitos da sustentabilidade, a eficiencia enerxética e as novas tecnoloxías aplicadas ó territorio e ó proceso construtivo, factores todos estes os que fan que a súa participación



no deseño e implantación dunha infraestrutura verde da Área Metropolitana da Coruña, sexa indispensable.

SEXTO

A Comisión Europea está a desenvolver unha estratexia para unha Infraestrutura Verde Europea (Comunicación da Comisión Europea “Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa” de 6 de maio de 2013), definida como un concepto que integra a conectividade dos ecosistemas, a protección e provisión de servizos ecosistémicos e a mitigación e adaptación ao cambio climático, asegurando a provisión sostible destes servizos e incrementando a resiliencia dos ecosistemas.

En España, a Lei 33/2015, de 21 de setembro, pola que se modifica a Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, introduce no seu capítulo III a creación da “Estrategia Estatal de Infraestrutura Verde y de la Conectividad y Restauración Ecológicas” de forma conxunta pola Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, que ten como obxectivo a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde, para que a planificación territorial e sectorial asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático e a restauración de ecosistemas degradados. As comunidades autónomas deberán desenvolver as directrices desta estratexia estatal nun prazo máximo de tres anos dende a súa aprobación.

En consecuencia, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia a Fundación Juana de Vega, a Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia acordan formalizar o presente Convenio, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento do Sistema de Infraestrutura Verde da área Metropolitana de Coruña. Esta área reúne as condicións idóneas por abarcar unha gran variedade de hábitats (litorais, fluviais, urbanos, bosques), espazos naturais protexidos, patrimonio cultural (camiño de Santiago, patrimonio da Humanidade, BICs) que conviven cunha elevada densidade de poboación e un notable desenvolvemento económico, ao que hai que engadir algunhas experiencias previas xa



exitosas, como a da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas.

Dentro deste proxecto, pioneiro na comunidade, a área metropolitana de Coruña será obxecto dunha ordenación integral do territorio desde o punto de vista ambiental, na que se definirá unha rede de zonas naturais e seminaturais deseñada e xestionada para protexer a biodiversidade e proporcionar servizos ecosistémicos: purificación da auga e do aire, almacenamento de carbono, fertilidade do chan, aforro de enerxía, adaptación ao cambio climático,...

A definición destes espazos medioambientalmente estratéxicos servirá de base para a concreción de actuacións como corredores ecolóxicos en canles fluviais, prácticas agroecolóxicas en zonas agrícolas, ecoaldeas, proxectos de mellora paisaxística, melloras na xestión da auga, creación de bosques en ámbitos degradados, planificación de zonas de inundación, espazos verdes urbanos eficientes no uso de recursos e con funcións ecolóxicas, etc.

Ademais dos evidentes beneficios ambientais e paisaxísticos, e a súa repercusión na mellora da saúde e o benestar social, a experiencia europea, e así o manifestou a Comisión Europea (CE), demostrou que as solucións de infraestrutura verde son rendibles e contribúen ao desenvolvemento económico, fomentando enfoques innovadores e creando novos negocios ecolóxicos, sendo as empresas pequenas as principais impulsoras da ecoinnovación. Segundo a CE, os empregos verdes xa representan o 5% do mercado laboral, un mercado que se verá reforzado con estas actuacións, favorecendo o impulso dunha economía e un emprego de calidade.

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS

Para o desenvolvemento dos traballos constituirase unha comisión de traballo formada polos seguintes membros:

- Tres representantes técnicos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, dous nomeados polo IET e outro pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, con capacidade de decisión, que dirixirán e supervisarán o traballo.
- Un representante da Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos”
- Un representante da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia
- Isabel Aguirre, en calidade de directora da Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de



Vega, que será a coordinadora dos traballos e que asumirá o papel de interlocutora co Instituto de Estudos do Territorio.

Esta comisión ten por obxecto unificar criterios de cara a acadar unha estratexia que sexa acorde aos obxectivos previstos na cláusula primeira do presente convenio.

TERCEIRA. COMPROMISOS ASUMIDOS POLAS PARTES

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, asume os seguintes compromisos:

- Aportar as cantidades estipuladas na cláusula cuarta.
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.
- Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria, así como verificar o cumprimento do disposto na cláusula quinta.
- Exercer a coordinación, supervisión, e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designarán un/unha técnico/a con capacidade de decisión, que dirixirá e supervisará o traballo.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Instituto de Estudos do Territorio, asume os seguintes compromisos:

- Exercer a supervisión, e seguimento dos traballos e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designarán dous técnicos/as con capacidade de decisión, que dirixirán e supervisarán o traballo, un dos cales será o interlocutor entre a Consellería e a Fundación Juana de Vega, como coordinadora dos traballos a través da Escola Galega da Paisaxe.
- Desenvolver os compromisos asumidos no presente convenio cos equipos deseñados no Anexo I.
- Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo II
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.
- Colaborar coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural na tramitación administrativa, así como verificar o cumprimento do disposto na cláusula quinta.

A Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” asume os seguintes compromisos:



- Desenvolver os compromisos asumidos no presente convenio cos equipos deseñados no Anexo I.
- Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo II
- A posta a disposición dos traballos que conforman o obxecto do presente convenio á Escola Galega da Paisaxe, como coordinadora dos traballos.

A Fundación Juana de Vega a través da Escola Galega da Paisaxe asume os seguintes compromisos:

- Desenvolver os compromisos asumidos no presente convenio cos equipos deseñados no Anexo I.
- Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo II
- A posta a disposición dos traballos que conforman o obxecto do presente convenio ao IET.
- Coordinar os traballos da comisión a través de Isabel Aguirre, directora da Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega, responsable de facer o seguimento das entregas dos traballos para que cheguen a bo fin, formular conclusións, dirixir a maquetación da publicación final e realizar as funcións de interlocución co IET.

A Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia asume os seguintes compromisos:

- Desenvolver os compromisos asumidos no presente convenio cos equipos deseñados no Anexo I.
- Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo II
- A posta a disposición dos traballos que conforman o obxecto do presente convenio á Escola Galega da Paisaxe, en canto coordinadora dos traballos.

CUARTA. FINANCIAMENTO E ELIXIBILIDADE

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural co fin de facilitar a execución conxunta das accións aportará durante o prazo de vixencia do convenio a cantidade total de 180.000 € (cento oitenta mil euros), coma achega pola realización das accións e gastos en que se incorra, a aboar á Fundación Juana de Vega, á Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” e á Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, con cargo á aplicación orzamentaria 07 03 541B 6401 (código de proxecto 2016 00069) do vixente orzamento de gastos e de conformidade co previsto no anexo IV, relativo aos fitos para o pagamento.



No ano 2017.....90.000 €

No ano 2018.....90.000 €

As cantidades previstas no presente convenio faranse efectivas nun pago na primeira das anualidades e en dous pagos na segunda das dúas anualidades, tendo coma data límite de xustificación o 30 de novembro de 2017 para a o pago da anualidade correspondente ao exercicio 2017, e o 30 de agosto de 2018 no primeiro pago, e o 30 de novembro de 2018 para a o segundo pago da anualidade correspondente ao exercicio 2018.

O obxecto deste gasto, cofinanciarase pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) co lema “Unha maneira de facer Europa”, nun 80%, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, elixible segundo os criterios de selección de operacións aprobados para o devandito programa de acordo co seguinte desglose:

ELEXIBILIDADE		
Obxectivo Temático	06	Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos.
Prioridade de Inversión	06.04	Protección e restauración da biodiversidade e do solo e fomento dos servizos dos ecosistemas, incluído a través da Natura 2000 e de infraestruturas ecolóxicas.
Obxectivo Específico	06.04.01	Fomentar a xestión, protección e mantemento de espazos naturais e a súa biodiversidade, en particular os protexidos, incluíndo medidas para paliar os problemas de erosión, salinización, desertificación.
Actuación	6.4.1.2	Acciones de protección y restauración do patrimonio natural.
Campo de Intervención	085	Protección e fortalecemento da biodiversidade, protección da natureza e infraestrutura ecolóxica.
Liña de Actuación	28	Medidas de protección e conservación do patrimonio natural.
Código Actuación XUMCO	06.41	
Título da operación		Actuacións de deseño, implementación e creación de Infraestruturas Verdes e da biodiversidade. Anualidades 2017-2018-2019-2020

As actuacións contempladas no convenio supoñen unha intervención para mellorar os procesos ecolóxicos e a conectividade e contribúen á consecución do obxectivo específico 6.4.1. Así mesmo, cumpren cos criterios básicos de selección de operacións aprobados, sendo coherentes coa planificación establecida pola Administración para a protección e xestión da biodiversidade.



QUINTA.- ORZAMENTO E PAGAMENTO

O orzamento deste convenio está desagregado no Anexo III e os fitos para a liberación orzamentaria no Anexo IV.

Para a realización dos pagos estarase ao seguinte:

As cantidades achegadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio entregaranse á Fundación Juana de Vega, á Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” e á Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, unha vez que se certifique a conformidade cos traballos realizados e se presenten as certificacións acreditativas da realización dos gastos incorridos no desenvolvemento do proxecto, que se realizarán previa presentación da seguinte documentación:

- 1.- Os documentos de texto cos traballos realizados en formato papel. Estes documentos deberán ser entregados en formato editable (Libre Office) mentres que a información xeográfica entregarse integrada nun proxecto SIX. Como mínimo, os datos serán en formato "ESRI Shapefile", debidamente estruturado, compatible e integrable nos sistemas da Xunta de Galicia.
- 2.- Unha memoria xustificativa onde se sinalen as actuacións comprometidas e realizadas.
- 3.- Unha memoria onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación, así como unha explicación que aclare, de xeito indubidable, a relación do gasto coa actuación obxecto do presente convenio.
- 4.- Nas xustificacións incluíranse os xustificantes de gastos (facturas, nóminas etc) e os xustificantes de pagamentos (transferencias bancarias).

Os ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica da Consellería diminuírase proporcionalmente.

Reintegraranse, total ou parcial, as cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola Consellería en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.



SEXTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio: a Consellería de Medio Ambiente, o IET, a Fundación Juana de Vega, a Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.

En todos os materiais que se realicen froito do presente Convenio aparecerán como coautores a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o IET, a Fundación Juana de Vega, a Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia .

En todos os documentos que se xeren como consecuencia deste convenio debe figurar de xeito expreso que esta financiado pola Xunta de Galicia e a UE e os logotipos da UE, da Xunta de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do IET.

Calquera que sexa o medio de difusión, as partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso a Fundación Juana de Vega, a Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” e e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo en actividades propias da súa función investigadora e divulgativa.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa duración será ata o 31 de decembro de 2018.

Non obstante, poderá prorrogarse por outro ano se as partes así o consideran de mutuo acordo para o cumprimento íntegro dos termos do convenio.

A prórroga materializarase mediante a subscrición dunha addenda ao convenio, con antelación á finalización da súa vixencia, que tamén poderá recoller outras accións vinculadas á realización dos obxectivos deste e que poidan ser de interese mutuo para os asinantes.

OITAVA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre



os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

NOVENA. PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Este convenio cofinánciase con fondos do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020. Os beneficiarios deberán cumprir coa normativa referente a información e publicidade comunitaria establecidas no apartado 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 e nos artigos 4 e 5 do Anexo II do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión de 28 de xullo de 2014.

Na documentación xustificativa, presentada pola Fundación Juana de Vega, pola Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” e pola Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, figurarán os logotipos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e os referentes á cofinanciación do gasto con fondos FEDER Galicia 2014-2020, mostrando os seguintes elementos:

- O emblema da Unión e referencia á Unión Europea.
- A referencia ao Fondo que da apoio á operación e o lema: "Unha maneira de facer Europa"

Os beneficiarios asumen a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo Programa Operativo FEDER, de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013.

A sinatura do presente convenio de colaboración supón a súa aceptación para ser incluída na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.



DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do presente convenio establecerase unha comisión mixta na que participará un representante da Fundación Juana de Vega, un representante da Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” e un representante da Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, ou as persoas que se designen en substitución das anteriores; e tres representantes designados entre o Instituto de Estudos do Territorio e a Dirección Xeral de Patrimonio Natural nomeados para tal fin en nome da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

Esta Comisión Mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

A Comisión Mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito ás outras partes con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial



das cantidades recibidas, de conformidade co previsto na cláusula quinta.

DUODÉCIMA.- COMPETENCIAS DE INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1 d) do texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Non obstante, de conformidade co disposto expresamente no artigo 4.2, seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente referenciada para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu efectivo cumprimento.

Este convenio rexerese polas súas propias cláusulas e de xeito supletorio, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data ao comezo citado.

Pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e polo IET	Pola Fundación Juana de Vega	Pola Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas Betanzos”	Pola Fundación Instituto Tecnológico de Galicia
Dña. Beatriz Mato Otero	D. Enrique Sáez Ponte	D. Jose Antonio Santiso Miramontes	D. Carlos Calvo Orosa



ANEXO I. DEPARTAMENTOS DE INVESTIGACIÓN PARTICIPANTES

A Fundación Juana de Vega, a Asociación de desenvolvemento rural “Mariñas Betanzos” e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia contan con equipos multidisciplinares cos que é posible desenvolver as actuacións necesarias para dar cumprimento aos obxectivos previstos no presente convenio:

1. A Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega conta cun Comité de expertos formado por un mínimo de 7 membros e un máximo de 15, que son nomeados por un período de cinco anos; conta tamén cun grupo de investigación, que participará no desenvolvemento das tarefas que lle sexan asignadas xunto cos técnicos que se considere necesario para o desenvolvemento dos traballos, co fin de completar o equipo. Isto fai que grazas a este convenio pódase contar cos expertos e especialistas en materia de paisaxe.

A Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega ten desempeñado un papel fundamental no desenvolvemento da arquitectura da paisaxe en Galicia, a través da posta en marcha da primeira titulación universitaria oficial sobre esta disciplina, o Máster Universitario Arquitectura da Paisaxe Juana de Vega, e outras actividades como premios, xornadas ou publicacións. Esta experiencia, unida á localización da sede da Escola Galega da Paisaxe dentro da área metropolitana da Coruña – obxecto de estudo neste convenio – e aos traballos previos da Escola neste ámbito territorial, outorgan a esta entidade unhas capacidades e posibilidades idóneas para realizar o obxecto do presente convenio

2. A Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” constitúese no mes de xullo do ano 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos coma privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación e dende o ano 2013 é a entidade xestora da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Polo tanto, a atención céntrase en desenvolver e aplicar modelos para a sostibilidade mundial, nacional e local, e para que as Reservas da Biosfera sirvan de lugares de aprendizaxe onde os decisores políticos, as comunidades científicas e de investigación, os profesionais da xestión e os colectivos implicados traballen en conxunto para converter os principios globais de desenvolvemento sostible en prácticas locais apropiadas. Neste senso, a participación da Asociación Mariñas-Betanzos garante que



as liñas de acción deseñadas no presente convenio se poidan aplicar nos concellos da área no futuro. Así mesmo, conta con experiencia en programas europeos relacionados coa mitigación e loita fronte ao cambio climático, así como cun Comité Científico formado por 17 persoas expertas en distintas temáticas relacionadas co desenvolvemento dos obxectivos do presente convenio.

A superficie da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” abarca gran parte dos concellos da área metropolitana da Coruña e ten entre os seus obxectivos mellorar a conservación ambiental e a información sobre os recursos naturais desta área xeográfica, obxectivos que coinciden coa finalidade da infraestrutura verde. Por estes motivos, para o deseño da infraestrutura verde da área metropolitana da Coruña, resulta fundamental contar coa participación do órgano xestor do principal espazo recoñecido polas súas funcións ambientais dentro do ámbito territorial de estudo.

3. A Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), é o único Centro Tecnolóxico Nacional na provincia da Coruña recoñecido oficialmente desde o ano 2012 polo Ministerio de Economía e Competitividade. Ademais de ter a súa sede na área na que se pretende deseñar a infraestrutura verde, dispón dunha ampla experiencia no ámbito da sostibilidade do territorio, da eficiencia enerxética e as novas tecnoloxías. É a única institución depositaria de BREEAM para o reino de España, o máis importante e avanzado sistema de definición, medición e avaliación da sostibilidade de edificacións, infraestruturas e planeamentos urbanos do mundo. Tamén é o desarrollador da Base de Datos Oficial de Construción de Galicia (BDCG) desde hai máis de quince anos para a Xunta de Galicia. Destaca no desenvolvemento de estudos sectoriais no ámbito construtivo, nos que pon o foco de atención na construción polo cambio climático, na busca de reducir a demanda enerxética e minimizar as emisións durante o proceso edificatorio. Trátase, polo tanto, de garantir a sustentabilidade das edificacións, tanto en fase de deseño como en fases de execución e mantemento.

Tamén destacan outros beneficios que dende o ITG se pretenden alcanzar, entre os que se atopan os ambientais, ao promover a redución das emisións de CO₂ durante a vida útil dos edificios moito máis alá da redución dos consumos enerxéticos, o deseñar estudos no campo do transporte e a mobilidade, e o desenvolvemento de actividades de I+D+i que xeren tecnoloxías e ferramentas que optimicen e perfeccionen o planeamento do territorio dende a perspectiva da sostibilidade ambiental.

Todos estes factores e características que fan do ITG un organismo singular, fan tamén que a súa participación no deseño e implantación dunha infraestrutura verde da Área Metropolitana da Coruña se considere indispensable.



Por outra banda, cunha plantilla de titulados superiores entre os que se encontran, entre outros, máis de 35 enxeñeiros industriais, arquitectos, arquitectos técnicos, enxeñeiros de camiños, enxeñeiros informáticos e de telecomunicacións, etc., o ITG ten demostrada, e é incuestionable a súa sobrada capacidade para o desenvolvemento deste convenio.

4. O Instituto de Estudos do Territorio realiza investigacións metodolóxicas, bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo de alcanzar a xestión dinámica das súas paisaxes; A realización de análise e diagnósticos e a formulación de propostas e alternativas para a ordenación e xestión do territorio desde unha perspectiva global de fronte ao desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial de Galicia; Promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados e a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia son fins deste organismo autónomo que fan imprescindible a súa participación neste convenio para subministrar e facilitar aquela información dispoñible así coma o apoio e asesoramento técnico preciso que sexa necesario para o seu bo fin.

**ANEXO II. ACCIÓNS E CRONOGRAMA****1.- ACCIÓNS****Acción: DESEÑO DA INFRAESTRUTURA VERDE DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA**

O obxectivo do convenio é o desenvolvemento do deseño da Infraestrutura verde da Área Metropolitana da Coruña, que comprende os seguintes fitos:

A.- Análise preliminar e estado da arte

Produto: Documento de obxectivos, marco metodolóxico e cronograma de traballo

Tarefas	Responsable	Duración
A.1. Estudo do estado da arte e recompilación de casos de estudo	F. Juana de Vega	2 meses
A.2. Definición de obxectivos e marco espacial	F. Juana de Vega	1 mes
A.3. Selección de metodoloxías e definición dun concepto espacial	F. Juana de Vega	1 mes

B.- Análise e diagnóstico do territorio

Produto: Caracterización e cartografía do territorio con identificación de potencialidades e problemas

Tarefas	Responsable	Duración
B.1. Subministro e elaboración da cartografía básica	IET	1 mes
B.2. Inventario, análise e diagnóstico	F. Juana de Vega	4 meses
B.3. Identificación de nodos e conectores existentes	F. Juana de Vega	3 meses
B.4. Identificación de puntos críticos	F. Juana de Vega	3 meses
B.5. Análise sociolóxico e análise DAFO	F. Juana de Vega	3 meses



C.- Análise da conectividade actual dos espazos de valor natural

Produto: Análise espacial de nodos e conectores

Tarefas	Responsable	Duración
C.1. Identificación e delimitación de nodos e análise espacial e funcional de sistemas conectores	F. Juana de Vega	4 meses
C.2. Avaliación da conectividade ecolóxica do ámbito de estudo	F. Juana de Vega	4 meses
C.3. Identificación de puntos críticos	F. Juana de Vega	1 mes
C.4. Análise de incorporación de nodos singulares	F. Juana de Vega	1 mes

D.- Delimitación do ámbito da infraestrutura verde

Produto: Concepto, delimitación e cartografía da infraestrutura verde da área analizada

Tarefas	Responsable	Duración
D.1. Criterios para a selección dos espazos que formarán parte da infraestrutura verde	F. Juana de Vega	3 meses
D.2. Definición e delimitación do ámbito da infraestrutura verde	F. Juana de Vega	3 meses
D.3. Cartografía da infraestrutura verde	F. Juana de Vega	2 meses
D.4. Revisión e supervisión da delimitación cartográfica	IET	2 meses



E.- Identificación e cuantificación dos servizos ecosistémicos

Produto: Servizos ecosistémicos da área de estudo: identificación, cuantificación e xerarquización

Tarefas	Responsable	Duración
E.1. Identificación dos servizos ecosistémicos actuais e potenciais. Xerarquización	F. Juana de Vega	1 mes
E.2. Selección de metodoloxía para avaliación dos servizos ecosistémicos	F. Juana de Vega	2 meses
E.3. Recollida de variables para cuantificar os servizos ecosistémicos en base ao sistema seleccionado	F. Juana de Vega	3 meses
E.4. Reestruturación da rede de infraestrutura verde metropolitana en base a servizos ecosistémicos	F. Juana de Vega	2 meses
E.5. Xerarquización de espazos en base á multifuncionalidade e potencia de servizos ecosistémicos	F. Juana de Vega	2 meses
E.6. Redefinición dun concepto espacial	F. Juana de Vega	1 mes

F.- Caracterización das diferentes zonas da infraestrutura verde

Produto: Definición e cartografía dos diferentes ámbitos da infraestrutura verde

Tarefas	Responsable	Duración
F.1. Caracterización da infraestrutura verde segundo os servizos ecosistémicos proporcionados	F. Juana de Vega	3 meses
F.2. Delimitación das diferentes zonas da infraestrutura verde segundo os servizos ecosistémicos	F. Juana de Vega	2 meses
F.3. Cartografía de zonificación da infraestrutura verde	F. Juana de Vega	2 meses



F.4. Desenvolvemento do documento base	F. Juana de Vega	1 mes
F.5. Revisión e supervisión da zonificación	IET	1 mes

G.- Desenvolvemento de propostas de actuación

Produto: Plan de acción

Tarefas	Responsable	Duración
G.1. Propostas xerais	F. Juana de Vega	4 meses
G.2. Propostas en espazos urbanos e periurbanos	F. Juana de Vega	4 meses
G.3. Propostas en espazos rurais e naturais	ADR Mariñas Betanzos	4 meses
G.4. Propostas en espazos industriais	ITG	4 meses

H.- Potencialidades da infraestrutura verde para o desenvolvemento socioeconómico da zona

Produto: Estratexias para o desenvolvemento socioeconómico en base á infraestrutura verde

Tarefas	Responsable	Duración
H.1. Estratexias de mobilidade sostible e enerxías renovables	ITG	4 meses
H.2. Estratexias de eficiencia enerxética no ámbito da infraestrutura verde	ITG	6 meses
H.3. Estratexias para os espazos urbanos e periurbanos. Estratexias para o cambio da infraestrutura gris á verde e para minimizar impactos. Aplicación de estratexias tipo "grey to green"	ITG	6 meses
H.4. Análise de estratexias de uso da infraestrutura verde	F. Juana de Vega	6 meses



como sistema natural de saúde		
H.5. Estratexias para a posta en valor da biodiversidade no medio rural e na agricultura, espazos forestais e naturais	ADR Mariñas Betanzos	3 meses
H.6. Avaliación da incorporación da estratexia de infraestrutura verde nos planes estratéxicos de Reservas da Biosfera e outros espazos protexidos	ADR Mariñas Betanzos	3 meses

I.- Proceso de participación pública e divulgación

Produto: Actividades e memoria do proceso de participación pública

Tarefas	Responsable	Duración
I.1. Lanzamento e difusión da iniciativa entre a poboación do territorio: web, materiais divulgativos, xornadas de presentación, ...	ADR Mariñas Betanzos IET	6 meses
I.2. Deseño e posta en marcha do proceso de participación pública: reunións, talleres, entrevistas con axentes, comité de expertos, ...	ADR Mariñas Betanzos IET	4 meses
I.3. Análise dos resultados do proceso de participación pública	ADR Mariñas Betanzos	7 meses
I.4. Incorporación dos resultados da participación pública no deseño da infraestrutura verde	ADR Mariñas Betanzos	12 meses



2. Cronograma

	Meses															
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
A																
A.1	X	X														
A.2			X													
A.3			X													
B																
B.1	X															
B.2	X	X	X	X												
B.3		X	X	X												
B.4		X	X	X												
B.5		X	X	X												
C																
C.1	X	X	X	X												
C.2	X	X	X	X												
C.3				X												
C.4				X												
D																
D.1	X	X	X													
D.2		X	X	X												
D.3					X	X										
D.4							X	X								
E																
E.1						X										
E.2						X	X									



	Meses															
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
E.3						X	X	X								
E.4								X	X							
E.5									X	X						
E.6										X						
F																
F.1										X	X	X				
F.2												X	X			
F.3													X	X		
F.4														X		
F.5														X		
G																
G.1													X	X	X	X
G.2	X	X	X	X												
G.3	X	X	X	X												
G.4	X	X	X	X												
H																
H.1	X	X	X	X												
H.2							X	X	X	X	X	X				
H.3											X	X	X	X	X	X
H.4											X	X	X	X	X	X
H.5											X	X	X			
H.6														X	X	X
I																
I.1	X	X	X	X	X	X										



		Meses														
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
I.2	X	X	X	X												
I.3								X	X	X	X	X	X	X		
I.4					X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

**ANEXO III. ORZAMENTO**

O presente Anexo recolle tanto as cantidades aportadas a través do presente convenio pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co establecido na súa cláusula cuarta, como as valoracións económicas daqueles actividades a realizar polo resto das partes asinantes, que non son obxecto de financiamento.

	Orzamento (€) (DXPN)	Valoración dos Traballos
A- Análise preliminar e estado da arte		
A.1. Estudo do estado da arte e recompilación de casos de estudo	2.000	
A.2. Definición de obxectivos e marco espacial	1.500	
A.3. Selección de metodoloxías e definición dun concepto espacial	1.500	
B- Análise e diagnóstico do territorio		
B.1. Subministro e elaboración da cartografía básica		5.000 (IET)
B.2. Inventario, análise e diagnóstico	2.500	2.500 (F. Juana de Vega)
B.3. Identificación de nodos e conectores existentes	2.500	2.500 (F. Juana de Vega)
B.4. Identificación de puntos críticos	5.000	
B.5. Análise sociolóxico e análise DAFO	5.000	
C- Análise da conectividade actual dos espazos de valor natural		
C.1. Identificación e delimitación de nodos e análise espacial e funcional de sistemas conectores	8.000	2.500 F. Juana de Vega
C.2. Avaliación da conectividade ecolóxica do ámbito de estudo	8.000	2.500 F. Juana de Vega
C.3. Identificación de puntos críticos	4.500	



C.4. Análise de incorporación de nodos singulares	4.500	
D- Delimitación do ámbito da infraestrutura verde		
D.1. Criterios para a selección dos espazos que formarán parte da infraestrutura verde	5.000	2.500 (F. Juana de Vega)
D.2. Definición e delimitación do ámbito da infraestrutura verde	5.000	2.500 (F. Juana de Vega)
D.3. Cartografía da infraestrutura verde	5.000	
D.4. Revisión e supervisión da delimitación cartográfica		5.000 (IET)
E- Identificación e cuantificación dos servizos ecosistémicos		
E.1. Identificación dos servizos ecosistémicos actuais e potenciais. Xerarquización	1.500	1.000 (F. Juana de Vega)
E.2. Selección de metodoloxía para avaliación dos servizos ecosistémicos	1.500	1.000 (F. Juana de Vega)
E.3. Recollida de variables para cuantificar os servizos ecosistémicos en base ao sistema seleccionado	1.500	1.000 (F. Juana de Vega)
E.4. Reestruturación da rede de infraestrutura verde metropolitana en base a servizos ecosistémicos	1.500	1.000 (F. Juana de Vega)
E.5. Xerarquización de espazos en base á multifuncionalidade e potencia de servizos ecosistémicos	2.000	500 (F. Juana de Vega)
E.6. Redefinición dun concepto espacial	2.000	500 (F. Juana de Vega)
F- Caracterización das diferentes zonas da infraestrutura verde		
F.1. Caracterización da infraestrutura verde segundo os servizos ecosistémicos proporcionados	2.000	
F.2. Delimitación das diferentes zonas da infraestrutura verde segundo os servizos ecosistémicos	2.000	



F.3. Cartografía de zonificación da infraestrutura verde	3.000	
F.4. Desenvolvemento do documento base	3.000	
F.5. Revisión e supervisión da zonificación		5.000 (IET)
G- Desenvolvemento de propostas de actuación		
G.1. Propostas xerais	5.000	
G.2. Propostas en espazos urbanos e periurbanos	5.000	
G.3. Propostas en espazos rurais e naturais	5.000	
G.4. Propostas en espazos industriais	10.000	5.000 (ITG)
H- Potencialidades da infraestrutura verde para o desenvolvemento socioeconómico da zona		
H.1. Estratexias de mobilidade sostible e enerxías renovables	10.000	
H.2. Estratexias de eficiencia enerxética no ámbito da infraestrutura verde	10.000	
H.3. Estratexias para os espazos urbanos e periurbanos. Estratexias para o cambio da infraestrutura gris á verde e para minimizar impactos. Aplicación de estratexias tipo “grey to green”	10.000	5.000 (ITG)
H.4. Análise de estratexias de uso da infraestrutura verde como sistema natural de saúde	10.000	
H.5. Estratexias para a posta en valor da biodiversidade no medio rural e na agricultura, espazos forestais e naturais	5.000	
H.6. Avaliación da incorporación da estratexia de infraestrutura verde nos planes estratéxicos de Reservas da Biosfera e outros espazos protexidos	5.000	5.000 (ADR Mariñas Betanzos)
I- Proceso de participación pública e divulgación		
I.1. Lanzamento e difusión da iniciativa entre a poboación do territorio: web, materiais divulgativos,	2.500	(5.000 IET)



xornadas de presentación, intercambio de experiencias similares...		
I.2. Deseño e posta en marcha do proceso de participación pública: reunións, talleres, entrevistas con axentes, comité de expertos, ...	2.500	(5.000 IET)
I.3. Análise dos resultados do proceso de participación pública	10.000	
I.4. Incorporación dos resultados da participación pública no deseño da infraestrutura verde	10.000	5.000 (ADR Mariñas Betanzos)

**ANEXO IV. FITOS PARA O PAGAMENTO**

As cantidades previstas no presente convenio faranse efectivas nun pago na primeira das anualidades e en dous pagos na segunda das dúas anualidades, tendo coma data límite de xustificación o 30 de novembro de 2017 para a o pago da anualidade correspondente ao exercicio 2017, e o 30 de agosto de 2018 no primeiro pago, e o 30 de novembro de 2018 para a o segundo pago da anualidade correspondente ao exercicio 2018.

Fito	Data	Importe
Fito 1. Análise preliminar e estado da arte(A)	Novembro de 2017	5.000 €
Fito 2. Análise e diagnóstico do territorio (B)	Novembro de 2017	15.000 €
Fito 3. Análise da conectividade actual dos espazos de valor natural (C)	Novembro de 2017	25.000 €
Fito 4. Delimitación do ámbito da infraestrutura verde (D)	2017-2018	15.000 €
4.1. e 4.2 Criterios para a selección dos espazos que formarán parte da infraestrutura verde e Definición e delimitación do ámbito da infraestrutura verde (D1 D2)	Novembro de 2017	(10.000 €)
4.3. e 4.4 Cartografía da infraestrutura verde e Revisión e supervisión da delimitación cartográfica (D3 D4)	Setembro de 2018	(5.000 €)
Fito 5. Identificación e cuantificación dos servizos ecosistémicos (E)	Setembro de 2018	10.000 €
Fito 6. Caracterización das diferentes zonas da infraestrutura verde (F)	2018	10.000 €
6.1. e 6.2 Caracterización da infraestrutura		



verde segundo os servizos ecosistémicos proporcionado; e Delimitación das diferentes zonas da infraestrutura verde segundo os servizos ecosistémicos	Setembro de 2018	(4.000 €)
6.3. e 6.4 Cartografía de zonificación da infraestrutura verde; e Desenvolvemento do documento base	Novembro de 2018	(6.000 €)
Fito 7. Desenvolvemento de propostas de actuación (G)	2017-2018	25.000 €
7.1 Propostas xerais, (G1)	Novembro de 2018	(5.000 €)
7.2 7.3 e 7.4 Propostas en espazos urbanos e periurbanos; Propostas en espazos rurais e naturais e Propostas en espazos industriais(G2 G3 G4)	Novembro de 2017	(20.000 €)
Fito 8. Potencialidades da infraestrutura verde para o desenvolvemento socioeconómico da zona (H)	2017-2018	50.000 €
8.1. Estratexias de mobilidade sostible e enerxías renovables (H1)	Novembro 2017	(10.000 €)
8.2. e 8.5 Estratexias de eficiencia enerxética no ámbito da infraestrutura verde; Estratexias para a posta en valor da biodiversidade no medio rural e na agricultura, espazos forestais e naturais (H2 H5)	Setembro 2018	(15.000 €)
8.3. 8.4. e 8.6 Estratexias para os espazos urbanos e periurbanos. Estratexias para o cambio da infraestrutura gris á verde e para minimizar impactos. Aplicación de		



estratexias tipo “grey to green”; Análise de estratexias de uso da infraestrutura verde como sistema natural de saúde; Avaliación da incorporación da estratexia de infraestrutura verde nos planes estratéxicos de Reservas da Biosfera e outros espazos protexidos (H3 H4 H6)			Novembro 2018	(25.000 €)
Fito 9. Proceso de participación pública e divulgación (I)			2017-2018	25.000 €
9.1. e 9.2 Lanzamento e difusión da iniciativa entre a poboación do territorio: web, materiais divulgativos, xornadas de presentación; Deseño e posta en marcha do proceso de participación pública: reunións, talleres, entrevistas con axentes, comité de expertos (I1 I2)			Novembro 2017	(5.000 €)
9.3. Análise dos resultados do proceso de participación pública (I3)			Setembro 2018	(10.000 €)
9.4. Incorporación dos resultados da participación pública no deseño da infraestrutura verde (I4)			Novembro 2018	(10.000 €)
Total				180.000 €



	2017	2018	TOTAL
Fundación Juana de Vega	60.000 €	40.000 €	100.000 €
ADR Mariñas Betanzos	10.000 €	30.000 €	40.000 €
Instituto Tecnológico Galicia	20.000 €	20.000 €	40.000 €
TOTAL	90.000 €	90.000 €	180.000 €